


I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DA OFICINA DE PONTEAREAS DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:



Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV):UBSXIJHTANKJYSN5

I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DA OFICINA DE PONTEAREAS DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA

En Pontevedra/Ponteareas

INTERVEÑEN

Don Luis López Diéguez, actuando en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Dona Nava Castro Domínguez, alcaldesa do Concello de Ponteareas, actuando en representación da mesma en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello da Ponteareas asinaron, con data 20 de febreiro de 2023, un convenio de colaboración para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través das oficinas de Ponteareas da Rede SmartPeme Pontevedra situadas no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas e no Edificio de Servizos Sociais en Ponteareas, con vixencia ata o 20 de febreiro de 2024.

Segunda.- Que o Concello de Ponteareas, solicita que se traslade a prestación do Servizo de promoción empresarial e o emprendemento a unha nova oficina habilitada no Centro de Dinamización Empresarial, situado no antigo edificio da Seguridade Social (Praza Maior) do Concello de Ponteareas.

Terceira.- Que resultando de interese para as partes esta nova localización, mediante acordo da Comisión de Seguimento do 29 de novembro de 2023, acordouse a modificación da localización da oficina SmartPeme en Ponteareas para que a prestación do servizo de promoción empresarial e o emprendemento se realice no Centro de Dinamización Empresarial, situado no antigo edificio da Seguridade Social (Praza Maior) do Concello de Ponteareas.

Cuarta.- Que a cláusula oitava do devandito convenio determina que as partes poderán modificar c

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): UBSXIJHTANKJYSN5



convenio por acordo expreso e escrito das partes asinantes.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Modificación do lugar de prestación do servizo de asesoramento

Modificar as referencias previstas no Convenio en relación con lugar de prestación do servizo de asesoramento polo Centro de Dinamización Empresarial, situado no antigo edificio da Seguridade Social (Praza Maior) do Concello de Ponteareas.

SEGUNDA.- Efectos da addenda

A presente addenda xurdira efectos desde a súa sinatura.

Salvo nas modificacións expostas na presente addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do Convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do Convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente I addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Ponteareas para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina de Ponteareas da rede SmartPeme Pontevedra.

